

b) Descrición: contratación do arrendamento, con opción de compra, de equipos servidores de datos HP integrity.

c) Lote (no seu caso): non.

d) CPV (referencia de nomenclatura): 30200000-4.

e) Acordo marco (se procede): non.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria e anticipada de gasto.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación:

Importe neto 858.000 euros. IVE 16 %. Importe total 995.280 euros.

5. Adxudicación:

a) Data: 8-2-2010.

b) Contratista: *Hewlett-Packard Española, S.L.*

c) Importe ou canon de adxudicación:

Importe neto 858.000 euros. IVE 16%. Importe total 995.280 euros.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Pablo Torres Arrojo  
Director de Recursos Económicos

*Cédula do 22 de marzo de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se lles notifica ás persoas relacionadas a facturación ao seu nome de servizos sanitarios prestados neste centro no caso de non achegar os datos necesarios para facturar ao terceiro obrigado ao pagamento.*

Mediante esta cédula, e debido a que os abaixo relacionados non se atoparon nos domicilios que figuran nos rexistros deste centro, ou que alegaron distintas causas para non recibir as notificacións as persoas que a lexislación autoriza para facerse cargo delas, comunícaselles ás persoas incluídas na relación que se insire que:

Segundo o recollido no anexo IX do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, así como no artigo 83 da Lei xeral de seguridade social, aprobada por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, de non achegar no prazo de 10 días os datos e documentación necesaria para poder facturar ao terceiro obrigado ao pagamento a asistencia sanitaria que lle foi prestada neste centro sanitario, os gastos asistenciais serán ao seu cargo, tal e como se recolle no artigo 1º do Decreto 164/2008, do 17 de xullo, DOG nº 150, do 5 de agosto e do Decreto 392/2009, do 1 de outubro, DOG nº 199, do 9 de outubro, polo que se establecen

as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, polo que se emitirá factura de gastos sanitarios ao seu nome.

Para todo tipo de consulta ou aclaración sobre a documentación que deberá xuntar deberán poñerse en contacto co servizo de facturación deste centro sanitario, teléfono: 988 38 55 27.

Para que conste, sirve de notificación ao interesado e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, expido, asino e selo esta cédula.

Ourense, 22 de marzo de 2010.

Eloíña Núñez Masid  
Xerente xeral do Complexo Hospitalario  
de Ourense

#### ANEXO

Nome do doente	DNI/NIF
Aurelio Alonso Alonso	34953746W
Antonio Álvarez Otero	34999651E
Manuel Canal Sánchez	34487126Y
Carlos Alberto Cardoso Espinheira	0X4398829X
María Isabel Cid Rodríguez	34982348S
José Ramón Fabeiro Bellón	33268827V
María José Gómez García	34972390Q
Tiago Gonçalves Godoy	X5106032D
José Manuel González Valsa	34702526B
Luis Miguel Gordillo Alberca	72899214R
María Antonia Jiménez Hernández	20815364L
Ion Jurca Treica	X4478622Q
Francisco Javier Lago Rodríguez	33272070V
Georgeta Stefania Lakatos	X9970639R
Gabino Santiago Maldonado	X9985000X
Santiago Adolfo Medina Prince	X8011736P
Rasmus Thomas Rasmusson	X9090970J
Antonio Ribeiro	X7291060Z
Marco Paulo Vieira Martíns	X5365038N
Alberto Villamarín Pérez	44463828K

#### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE BECERREÁ

*Edicto.*

*Vodafone España, S.A.U.* solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto básico de estación base

de telefonía móbil en torre de 40 metros, que se situará en Chao do Monte, Cruzul-Becerreá. Cumprindo o disposto no parágrafo 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de 20 días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da última publicación do presente edicto no BOP de no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Becerreá, 15 de marzo de 2010.

Manuel Martínez Núñez  
Alcalde

## CONCELLO DE BUEU

### *Anuncio de licitación.*

1. Entidad adjudicadora: Concello de Bueu.

2. Obxecto do contrato: adjudicación do servizo de colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do Concello de Bueu.

3. Prazo de execución do contrato: a duración do contrato será de un ano desde a data de inicio da prestación do servizo, prorrogable por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de dous anos.

4. Tramitación: urxente. Procedemento: aberto. Forma: concurso.

5. Tipo de licitación: o orzamento de licitación ascende a 240.000 euros (IVE incluído), calculado sobre estimación de ingresos en período voluntario de cobramento, e en período executivo con recargo do 5% de 1.800.000 euros e en período executivo de 150.000 euros, estando a cantidade restante destinada a retribuír ao contratista polos traballos de consultoría e asistencia técnica para o desenvolvemento de funcións de xestión catastral e de inspección tributaria.

O orzamento fixado nesta cláusula é meramente estimativo, quedando o orzamento definitivamente fixado en función da recadación obtida polos conceptos de ingreso para os que se precise a colaboración e os traballos de xestión catastra efectivamente realizados.

No orzamento de licitación considéranse incluídos a totalidade dos gastos que lle ocasione ao adjudicatario a realización do obxecto do contrato, así como as cotas correspondentes aos tributos de toda índole que graven os diversos conceptos e en especial o imposto de valor engadido.

6. Garantía provisoria: establécese unha garantía provisoria de 4.800 euros equivalente ao 2% do contrato. Definitiva: 5% do importe da adjudicación excluído o IVE.

7. Obtención de información e documentación: nas dependencias da Secretaría Xeral do Concello de Bueu, Eduardo Vicenti, 8. 36930. Bueu. Pontevedra. Teléfono: 986 39 00 29, fax: 986 32 20 99 e no perfil do contratante na páxina web do concello: [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)

8. Requisitos xerais do contratista sinalados no prego de condicións administrativas. Clasificación: o contratista deberá atoparse clasificado no grupo L, subgrupo 2, categoría A.

9. Presentación de proposicións.

a) Prazo e lugar: no Concello de Bueu, durante os 8 días naturais desde o seguinte ao de publicación deste anuncio no último dos boletíns no que apareza (DOG, BOP ou no perfil do contratante). Das 8.00 ás 14.00 horas de luns a venres, das 9.30 ás 13.00 horas os sábados, no Rexistro Xeral do Concello ou da forma sinalada na cláusula 11 do prego de condicións.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o establecido na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Apertura das ofertas: ás 12.00 horas do 3º día natural seguinte ao de finalización do prazo para a presentación de proposicións (para os efectos da apertura o sábado considerárase inhábil).

11. Gastos de anuncios: por conta do adjudicatario.

Ao mesmo tempo procédese a exposición pública do prego de cláusulas administrativas particulares, para que durante o prazo de 4 días hábiles seguintes ao de publicación deste anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOG, BOP ou no perfil do contratante) poidan presentar reclamacións contra este.

Máis información nos pregos, que se consultarán en horario de oficinas na propia Casa do Concello e na páxina web do concello (perfil do contratante [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org)).

Bueu, 9 de abril de 2010.

Félix Juncal Novas  
Alcalde